



BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE EMERXENCIA PARA TAXIS.

Artigo 1º. Obxecto

Constitúen o Obxecto desta Ordenanza o outorgamento de axudas para utilización de taxis por aquelas persoas que presenten unha mobilidade reducida, así como polo colectivo de persoas que vivan solas, ou que vivan co seu cónxuxe, maiores de 65 anos, que presenten dificultades de mobilidade, así como ausencia, imposibilidade de apoio familiar ou insuficiente e que non poidan facer uso, con carácter xeral, de transportes colectivos.

Excepcionalmente, poderán acollerse a esta axuda aquelas persoas maiores que convivan co seu conxugue ou outros familiares e con dificultades de mobilidade.

A axuda se concreta na concesión dun bono que permita aos beneficiarios a utilización do servizo de taxis para desprazamentos aos diferentes áreas sanitarias públicas galegas. Prioritariamente dentro do termo municipal de Muxía, e por motivos de saúde para preservar a súa autonomía persoal a areas sanitarias galegas que sexa necesario.

Artigo 2. Financiación da convocatoria.

O orzamento destinado a financiación da presente ordenanza será o que se consigne anualmente no orzamento municipal con cargo a aplicación 231.480.01 axudas de transporte, importe que queda condicionado a súa aprobación no orzamento respectivo.

Artigo 3. Beneficiarios.

A) Persoas que presenten unha mobilidade reducida.

Persoas con mobilidade reducida, segundo o baremo establecido no Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro(<https://www.boe.es/eli/es/rd/1999/12/23/1971/con>) de procedemento para o recoñecemento, a declaración e a cualificación do grao de discapacidade, ou que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao das limitacións na actividade igual ou superior ao 75%. En caso excepcionais de non ter recoñecida esta situación, iniciar trámite/solicitud nos servizos sociais para o seu recoñecemento.

B) Persoas maiores de 65 anos.

*

Artigo 3. Requisitos.

Serán requisitos indispensables para poder recibir axudas:

- Ter residencia efectiva na localidade e estar empadroado no concello de Muxía.
- Estar afectado por perda funcional, autonómica ou visual en grado igual ou superior ao 33% que lle dificulte o acceso ao transporte colectivo, e así se acredite no Certificado Oficial de Grado de discapacidade.
- Non encontrarse por razón do seu estado ou outras causas, imposibilitado para efectuar desprazamentos fora do seu domicilio habitual
- Non ser beneficiario/a da exención do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Non pose vehículo propio ou vehículo propio adaptado para a conducción por persoa con discapacidade,

- f) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou outras de carácter municipal co Concello de Muxía.
- g) No ter este servizo a través dalgunha Mutua, seguro privado u similar.
- h) Non superar a unidade familiar uns ingresos anuais ao último exercicio declarado para o IRPF, segundo o seguinte cadro:

FAMILIA (N° de membros)	NUMERO DE MEMBROS (límite ao ano)
1	2,50 * IPREM
2	2,85* IPREM
3	3,15* IPREM
4	3,45 *IPREM
5	3,75* IPREM

Artigo 4. Documentación.

1. Copia do documento nacional de identidade dos membros da unidade familiar que o posúan. No suposto de estranxeiros a tarxeta de residencia, de asilo ou calquera documento que permita a súa estancia legal no país.
2. Copia do libro de familia ou calquera documento que acredite a convivencia.
3. Copia da tarxeta sanitaria.
4. Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar a través de:
 - a. Nóminas, recibos, xustificantes, pensións, certificados do INEM o calquera documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar.
 - b. Declaración do Imposto sobre a renda de persoas físicas.
 - c. Declaración responsable do interesado que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de rendas familiares.
 - d. Declaración do interesado de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa seguridade social, así declaración responsable en que se faga constar que non recibe doutros organismos, e para a mesma finalidade, axuda da que se concede.
 - e. Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario da axuda.
 - f. Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude que deben ser orixinais e así como documentos acreditativos que permitan valorar a situación de necesidade e vulnerabilidade socioeconómica.

Artigo 5. Procedemento de concesión das axudas.

- a) O expediente de concesión se poderá iniciar coa solicitude do interesado, en modelo establecido ou se poderá iniciar tamén de oficio mediante informe emitido polos servizos sociais municipais, que iniciarán o expediente a todos os efectos.
- b) Estudo e valoración da petición ou da situación no caso de facerse de oficio, e das circunstancias familiares por parte dos técnicos municipais de servizos sociais que necesariamente incluírá la realización dun informe dos servizos sociais.
- c) A proposta de concesión ou denegación da axuda firmada polos técnicos municipais de servizos sociais.
- d) A proposta de concesión deberá axustarse necesariamente as características destas axudas e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

- e) Debido as características de estas axudas, a proposta de concesión deberá resolverse pola súa natureza a maior brevidade, no prazo máximo de 10 días dende a presentación de solicitude ou inicio de oficio.
- f) A proposta será elevada a Alcaldía para a firma da Resolución correspondente, que deberá efectuarse nun prazo máximo de 15 días dende a presentación da solicitude.

6. Criterios de concesión.

Para a concesión da axuda se terá en conta os seguintes indicadores:

Un indicador económico, con carácter excluínente, a súa aplicación verá determinada en función ao sinalado do IPREM como indicador Público de Renda de Efectos Múltiples anual e os complementos segundo número de membros da unidade familiar en función cada ano da lexislación reguladora da renda de inclusión social de Galicia (RISGA).

Indicadores de risco/ ou exclusión social, que valorarán a situación de dificultades para a mobilidade segundo o informe dos servizos sociais.

7. Contía da axuda.

A contía máxima da axuda será de 100 euros/ mes. A axuda se concede para un máximo de dúas viaxes, ao mes, agás que non se supere a contía máxima da axuda mensual e se poden conceder axudas para máis viaxes ata a contía máxima mensual.

Artigo 8. Abono da axuda.

A xestión orzamentaria da axuda se realizará polos servizos económicos do concello a partir da documentación que obre no expediente dos servizos sociais.

A xustificación do gasto se acreditará mediante as facturas dos gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validades no tráfico xurídico mercantil.

Se intentará, na medida do posible, realizar o pago ao acredor do servizo en función das características da emerxencia. Se isto non fose posible o dificulta a tarefa administrativa se realizará o pago ao petionario que disporá dun prazo máximo de 8 días para xustificar, mediante factura, o importe da axuda.

Con carácter excepcional e debidamente xustificado no expediente por parte dos técnicos municipais de servizos sociais e ante determinadas situacións extremas, ao preceptor da axuda non se lle requirirá a xustificación do gasto polos medios determinados con carácter xeral e sinalados no anterior parágrafo, senón mediante calquera outro medio admisible en dereito o, no seu caso, mediante o informe correspondente dos servizos sociais, sobre a base da concorrencia dunha determinada situación extrema de necesidade.

O disfrute desta subvención é compatible con outras axudas que o concello poida conceder aos mesmos beneficiarios pero con obxecto da axuda diferente.